



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO
Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración
Concepción Arenal, 8 - 1ª Planta
36201 VIGO
Tfno.: 986 817 231
Fax: 986 817 792


galicia



O que se lle notifica, indicándolle que contra esta resolución poderá interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación, en aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013); segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (DOG núm. 191, do 3 de outubro de 1991), e demais normativa de desenvolvemento; e no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), coas súas modificacións posteriores.

Vigo, 3 de xullo de 2014

A xefa territorial, María Peón Fernández, P.A.(D. 42/2013 do 21 de febreiro) A xefa do servizo de coordinación administrativa


Susana Figueroa Martínez

1. Recoñecido o dereito á renda de integración social de Galicia, queda obrigado/a, a:
 - 1.- Destinar o importe da prestación ó fin para o que se concede.
 - 2.- Participar nas accións ou actividades que se determinan no proxecto de inserción.
 - 3.- Escolarizar os menores ó seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria, garantindo a súa asistencia ó centro de ensino que corresponda.
 - 4.- Non exercer a mendicidade nin a prostitución, nin inducir ou compeler á práctica de calquera delas a ningún membro da unidade de convivencia.
 - 5.- Comunicar as variacións sobrevidas que, de conformidade coa lei, puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación.
 - 6.- Exercitar cando o órgano competente para a resolución o estime conveniente, á vista dos informes que consten no expediente e no prazo que se estableza na correspondente resolución, calquera dereito económico que puidese corresponderlles segundo a lexislación vixente.
 - 7.- Cantos outros deriven do obxecto e da finalidade da renda de integración social de Galicia.
2. A renda de integración social de Galicia, en canto prestación económica, ten carácter alimenticio, persoal e non transmisíble, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantías de obrigas, de acordo co previsto na lexislación vixente.